

## CONSELLOS Á HORA DE ELABORAR UN TRABALLO



### PLANIFICACIÓN

- ❑ Pensa en que fontes vas empregar (libros, webs...). Cando uses a Internet, procura que as fontes sexan fiables. Para axudarte a filtrar, podes empregar Google Scholar ou Google Académico.
- ❑ Busca un título axeitado que resuma ben o tema que vas tratar.
- ❑ Elabora unha listaxe das ideas que queres tocar.
- ❑ Fai primeiro un esbozo nun papel para organizarte.

### ORGANIZACIÓN DO TEXTO

- ❑ Usa frases curtas.
- ❑ Como norma xeral, asigna a cada idea un parágrafo.
- ❑ Nun primeiro momento, escribe o que vaia xurdindo pero ao acabar fai unha segunda lectura para corrixir.
- ❑ Se usas o ordenador, comproba a ortografía. Todos os procesadores de texto dispoñen dunha ferramenta de ortografía e gramática. Iso si, tes que indicar o idioma no que escribes antes de iniciar a comprobación (galego, español, inglés...)
- ❑ Evita expresións de linguaxe coloquial tipo "*en plan*" ou "*é o mítico...*".

### FORMATO

- ❑ Lembra xustificar o texto (é dicir, procura que estea aliñado polas dúas marxes da páxina).
- ❑ Cambia o tipo de letra. Non é imprescindible, pero indica un esforzo extra por parte do estudante (os editores de texto traen un tipo de letra por defecto).
- ❑ Asígnalle un nome axeitado ao traballo e que identifique a túa autoría (por exemplo: *Aepocamedieval\_MariaFernandez.odt*).